

**Alvaro Cunqueiro:**

# As puñeteras manías do noso país

Laranxas do país maduran, caladiñas elas —calquera día falarán con don Alvaro—, no chan da sala na casa de Cunqueiro. Cheiran, xa, un pouquiño e ben as laranxas do escritor; sementan o aire de certa apacibilidade no ambiente namentres Alvaro Cunqueiro artella coas palabras, unha tras da outra, a saga do Mentireiro. ¿Mentireiro? Don Alvaro, xigantesco mentireiro, somentes engade que «*os meus libros están ahí. Se un libro non é unha fabulación, pode non ser nada*». E a seguir coa súa lería: ¿pensaría Cunqueiro, algunha vez, en face-las súas memorias? Aínda que, unha vez máis, as tivera que reinventar, o novelista é tallante: «*¡Bo! Eu non creo nada niso... Vendo as memorias dos outros que saen por ahí, entón un ten que decir que non*». Despois engade que, en todo caso, que podería face-los retratos duns cantos amigos, contar un viaxe ou vaia vostede maxinando... «*Outra cousa non ten interés. Polo demais, a meirande parte das anécdotas están ahí, nos meus libros dalgunha maneira. O que eu levo inventado e fabulado e mentido... está xa nos meus libros publicados*». Pesía todo, Cunqueiro está serio. O sorriso, nesta ocasión, chéganos da parede mentres un reló, aló no fondo que non se deixa ver dende a sala das laranxas, enche a casa coas badalanas limpas e brillantes, ledas. As laranxas mais laranxas de tódalas laranxas dormen cando Cunqueiro fala ritmicamente. Ritmicamente serio. Nin un só trasno na súa casa cando chegamos. Nin un meigallo que levar á miña cando saímos.

XAVIER NAVAZA

**BUFALO BILL  
FALABA CASTELAN**

«Eu non era nin fun nunca un político —*comenta cando lle falamos da súa antiga militancia no Partido Galeguista*— e pra min o mais importante era o idioma, aquel terbelo no que hai que estar fura que fura; iso era o mais importante pra min, o idioma. Todo o demais era secundario. Eu nunca tiven ningunha actividade das tipificadas como políticas». ¿Despois da guerra? «Despois da guerra houbo moitas dificultades e, se un quería escribir

un libro en galego, tiña que pagar do seu peto. Hastra que apareceu Galaxia. No ano 45, 46, 47... eu tiña orixinais e algún deles aproveiteinos mais tarde pro, outros, perderon logo pra min o menor interés. Se eu quería publica-lo libro, pois, teríao que facer á miña conta, cousa, pra un escritor, prácticamente imposible. Hastra que Galaxia foi fundada. E, como se sabe, aínda Galaxia tivo as súas dificultades xa que chegou mesmo a editar libros cun certo permiso verbal e sen estar inscrita a sociedade no rexistro de empresas editoriais.

*Sesenta e cinco anos fixo Cun-*



«Se nós tiveramos unha radio en galego e mais un periódico en galego...»

*queiro o pasado vintedous de nadal. ¿Cantas páxinas a estas alturas?* «¡Ah! Non sei, non sei... Vai saber a estas alturas. Vinte libros, milleiros de artigos». *Con tolos, trasnos, meigas... de todo páxina a páxina:* «Coído que toda Galicia está nas miñas páxinas, a máxica e

maila real. Eu son un contemplador da vida e non renego de naide, é decir, eu acepto todo o entorno tal e como é, o entorno meu propio individual e o entorno colectivo galego, español, europeu...» *Alvaro Cunqueiro asegura que, as primeiras cousas, escribíunas ós nove ou*



«Se eu fixera caso dos críticos, eu tería que deixar de escribir e adicarme a outra cousa. Sería carpinteiro, ou ferreiro, non sei...»

dez anos. «Castigáranos na casa, a min e a uns curmáns meus, a non mercar nunhas semanas o *Búfalo Bill* e o *Dick Turpin* e esas cousas... Entón, eu escribín prós meus irmáns e curmáns e amigos, unha novela do Oeste na que os rostros pálidos, os brancos, falaban castelán e na que os indios, que eran os *cheyennes*, o peles roxas a quen eu lles tiven sempre mais simpatía, falaban en galego. Foi o primeiro que escribín en galego. Era normal porque, na miña casa, eramos perfectamente bilingües. Eu xa sei que non hai ninguén bilingüe, sempre hai unha lingua de fondo, pro falabamos galego constantemente. E como eu quería que os indios falasen unha fala diferente á dos brancos pois, naturalmente, como tampouco sabía ningún outro idioma, tiven á forza que facelos falar en galego».

#### NIN CELTAS...

*Humano, por enriba de todo, humano:* «E que me interesa o home en primeiro lugar, interésame moitísimo e, sempre que escribo algo, pois escribo vendo se se pode facer algunha luz sobre este animal tan extraño que é o home». *¿E o home galego?* «¡Moito mais! E por iso eu escribín *Xente de aquí e de acolá* e outras cousas, porque me parecía que se podía dar un certo retrato galego do home galego: un home moi complicado por circunstancias históricas, sociolóxicas, etcétera, que construíron un tipo especial dentro do conxunto dos pobos

européus. E dicir, hai un galego moi diferenciado, credor, un pouco máxico... Un home ahistórico: as cousas fixéronas os mouros (a catedral de Santiago, as murallas de Lugo...) e cando cambia a situación, pra ter outros antepasados, resulta que se inventa isto dos celtas que ó galego lle gustou moito, etcétera. De modo que é un tipo moi especial, dialéctico, racionalista e ó mesmo tempo moi espiritual, supersticioso e asemade escéptico nun grado máximo, así é o galego».

*¿Mentira o asunto dos nosos celtas?* «¡Boh! Non houbo apenas celtas en Galicia... Uns cantos grupos procedentes do que é hoxe o *Guadiana*, e, logo, os bretóns de *Mailloc* pro, vaia, Galicia non era un país celta», *atállanos don Alvaro*.

#### ... NIN BRUXAS...

*¿Mais mouros ca celtas?* «Non, oh, de mouros nada, somentes pra gardar tesouros. Nós somos un pobo de mestizos coma tódolos pobos europeos». *Segundo conta Cunqueiro, todo isto é un fenómeno literario que non se apoia sobre dunha realidade histórica,* «hastra hai libros escritos pro, o celtismo galego, non se apoia na realidade». *Pro, daquela, Galicia é máxica ou non é máxica, ¿é ou non é?* «As dúas cousas... —*salienta o escritor*— E dicir, en Galicia hai un home imaxinativo e, polo tanto, un home máxico. E evidente que o galego se caracteriza por unha certa imaxinación, por unha certa capacidade imaxinativa moi viva e moi

creadora. Fóra disto, a Galicia, con ser unha nación moi arcaica, cárganselle moitísimas cousas. A min, por exemplo, non hai mes no que non me fagan unha pregunta encol das bruxas galegas, sobre da bruxería galega... Pro hai mais bruxas en Castela, en Burgos ou en Palencia ca en Galicia. Iso que dí Alonso del Real de que *non se é supersticioso senón que se vive en superstición*... O millor, o galego vive máis a cotío unhas certas supersticións pro Galicia transformouse xa no país das bruxas por excelencia e isto non é verdade nin historicamente, nin socioloxicamente, nin... nin nada. E agora, cando se fai calquera cousa en Galicia deseguida se lle mete o compoñente da bruxería. O mesmo que cando se inventou isto das queimadas colectivas de augardente, despois da guerra...».

#### ...NIN QUEIMADAS

«Cando se inventou isto, si, ó termina-la guerra. En Galicia queimábase augardente pro queimábase nas casas, nun prato ou nun pocillo por unha enfermidade, un catarro no inverno... Pro, as queimadas colectivas despois de xantar ou de cear, iso é unha cousa de despois da guerra, dos anos do 45 ó 50. A primeira vez que sae anunciada unha delas nun periódico é no *Faro de Vigo* en 1947 co obxecto da despedida dun xuez na Caniza ou non sei onde, ou na Estrada, que despois da cea se fixo unha quei-

mada. ¡Era unha novidade! E ademais anunciábano como unha novidade. Pro, agora, aparece aquilo de *la tradicional queimada*... Agora, cando se inventa todo isto, o primeiro que fixeron foi dicir que as queimadas tamén serven pra espanta-las bruxas. Van e buscan ás meigas prá queimada...» *Haberá xente que necesita dispoñer de argumentos máxicos pra se explicar moitas cousas, ¿non?* «¡Si, si, si...! Eu comprendo que a alma humana necesita de certas doses de misterio e de azar. Se cadra este é o camiño mais doado, pro o das queimadas colectivas é unha cousa das trincheiras, da guerra, de ver ós cataláns facendo as súas *cremas* de caña... Foi cando se empezou a facer todo isto en Galicia. Non hai un so texto literario sobre da queimada».

#### UN PERIODICO GALEGO

*Vivir e desvivirse en escritor... Chegaría un momento no que Cunqueiro, definitivamente, tería que deixa-lo periodismo pra se recriar coma escritor* «en primeiro lugar porque nunca me gustou moito o periodismo e, ademais, realmente, escritor e periodista non son dúas profesións moi compatibles». *Até o punto de ser verdade iso de que, o periodismo, pode mesmo destruír ó escritor:* «Si, sen duda ningunha, especialmente un periodista a certo nivel... de dirección, supoñamos. Quizaves un periodista que vai traballar catro horas ó periódico, non; pro, por exemplo, cando eu dirixía o *Faro de Vigo*, que pasaba alí oito ou nove ou dez horas... Claro, iso inutiliza a un pra calquera outra tarefa e, especialmente, prás tarefas literarias. Eu penso que, entre o periodista e o escritor, é moi difícil, non é posible compaxinar».

*¿Que pensa Cunqueiro do proxecto dun periódico en galego?* «¡Ah!, sería moi bo, sen duda ningunha. Ten, naturalmente, graves problemas. Primeiro, dispoñer dunha redacción que saiba o idioma, porque é evidente que, se nos outros tiveramos un periódico escrito en galego como tiveron os cataláns no seu tempo, como a *Veu de Catalunya* e estes outros xornais nos que se escribía seguindo as normas ortográficas e normas lingüísticas e utilizando o léxico amañado ou depurado por *Pompeu Fabra*... é evidente que foron estes xornais os que ensiñaron a escribir e a falar catalán ós cataláns. Entre o catalán que se escribía a fins do século pasado e o catalán que se escribiu despois do ano vinte, hai unha diferenza enorme. Hai unha enorme influencia do labor de *Pompeu Fabra*, do *Institut d'Estudis Catalans* e de todos estes escritores, grandes escritores moitos deles, dende *Carles Riba*, que escribían sempre, por exemplo, na *Veu de Catalunya* e que ensinaron ós cataláns. E evi-

dente que, se nosoutros tiveramos un periódico escrito en galego, unha das xustificacións deste periódico —aparte de que un periódico galego *debe* ser escrito en galego— sería que estivera moi ben escrito en galego. Entón, se nós tiveramos unha radio en galego e máis un periódico en galego... nun prazo de cinco ou seis anos o estatuto xeral do galego milloraría excepcionalmente. Diso non hai duda ningunha e, polo tanto, todo iso é moi desexable. Pro hai esta condición: que non vaia ser escrito por aficionados... Ten que ser escrito por xente que se someta a unhas normas e que utilice un léxico galego, que acabe con todo este enorme caos no que a xente utiliza hastra verbas que non significan o que eles queren dicir senón outra cousa a varios kilómetros de distancia. Por outra banda, o periódico tería enormes dificultades de tipo económico, comenzando co problema da publicidade: aínda agora vese que, de cando en vez, hai empresas por ahí adiante —dende bebidas a automóviles ou o que se queira— que dan anuncios en galego ós periódicos. ¿Por qué non fan dalos a un periódico en galego se este, naturalmente, alcanzara un certo nivel de difusión?».

## LINGUA DE FONDO

O novelista está moi satisfeito de que, agora, «tanta xente fale galego e escriba en galego pro, por outro lado, estou sorprendido do mal galego que a xente fala e escribe. Está escribindo en galego xente que nunca escribiu en galego; e máis, xente que nunca falou galego e que, agora, por motivos políticos, pra utiliza-lo idioma como unha ferramenta política, pois lánzase a escribilo... Fálano e escribeno disparatadamente e, entón, un, que unha das cousas que máis radicalmente ama é a súa fala —porque a fala é o pobo galego, é a nación galega, é a historia, é o destino de Galicia...—, entón un preguntase se paga a pena esta súbita expansión do galego a conta da destrución do galego. Aterra ve-las notas que chegan ós periódicos escritas en galego, as comunicacións de fulano ou de mengano sexan os bombeiros de Vigo ou os mestres de Ourense ou quen sexa. Ou oílos pola tele, ou pola radio. Eu alégrome moito de que, se é verdade que está na conciencia dos galegos, destes novos galego-falantes e galego-escritores, se está na conciencia deles que a nosa fala é a nosa identidade e a nosa xustificación como pobo, se así é, é moi fermoso que estean dispostos a falalo e a escribilo. E isto sempre suporá, penso eu, algún esforzo pra quen non foi nin galego-falante nin galego-escritor... ¿Por que non

adican dúas ou tres horas á semana a estudia-lo idioma?».

E, *Cunqueiro, o escritor, ¿en qué idioma se expresa millor?* «Ese é un problema difícil que eu mesmo me plantexo. E evidente que a miña lingua de fondo é o galego. Se eu estou pensando que, ben, «ás sete e media teño unha reunión na Caixa e logo teño que...», eu estou en galego; nunha discusión, mesmo un pouco excitada ou un pouco tal, eu vexo no meu razonamento a dialéctica galega, un sistema de preguntas e respostas e alusións que eu vexo que os formo na mente en galego. Logo, por outra banda, estou moi profesionalizado como escritor: Séntome á máquina a escribir en galego e pode acontecer que, nese momento, me chamen por teléfono e, cando me volto a sentar á máquina, ó millor sigo en castelán sen darme conta de que estaba escribindo en galego. E ó revés. Pro o máis frecuente é isto de escribir dez ou doce liñas en galego e ter que deixa-la máquina pra voltar a escri-

penso que a miña prosa en galego ten unha eufonía que non ten a miña prosa en castelán».

«Agora —engade *Alvaro Cunqueiro*— rematei unha novela longa en castelán que se titula *Ceniza en la manga de un viejo* que vai saír en *Destino*, non sei, pró outono. Rematei, tamén, dúas cousas en galego, unha de narracións e outra unha mistura bastante disparatada de lecturas e de noticias. Tamén agora, estou a facer unha escolma de poemas meus destes últimos vinte anos, inéditos. Son moitísimos poemas, a moreas, e quería facer un tomo un pouco grande. Poemas en galego, claro».

## ¿OS CRÍTICOS? ¡VAITES, VAITES!

*Algúns críticos, a Cunqueiro, chámalle «neotrovador». O literato non o pensa dúas veces: «Iso é unha parvada! Unha parvada... Esta*

nos, manexaron ou coñeceron ós trovadores galego-portugueses. Hai que ter en conta o feito de que, nin Rosalía, nin Pondal, nin Curros... nin Noriega Varela, nin Ramón Cabanillas, etcétera, hai que ter en conta o que supón o feito de que non coñeceran, en certa maneira, a literatura galega medieval. Porque non a coñecían, era unha grande descoñecida pra eles. Nós, nesa edición de Nunes, pois estábamos ó tanto. Entón, eu escribín unhas cántigas levado por aquel fermosísimo vento da nosa literatura medieval. Pro foi un so libro de trinta cántigas e no ano 1933 e, desde aquela, eu non lle volví a tocar a isto. E dicir, que por escribir un libro de cántigas, influido polas cántigas medievais galego-portuguesas, xa vai ser un durante toda a vida un *neotrovador*. Iso non ten senso ningún, pro é que os nosos críticos son así».

¿*Cunqueiro non cre nos críticos?* «Moi pouco, moi pouco... Moi pouco e difícilmente. Especialmente



«Coido que toda Galicia está nas miñas páxinas. A máxica e maila real. Eu son un contemplador da vida e non renego de nada».

bir en castelán. De modo que ningún dos dous idiomas me é difícil pro atópome máis cómodo, especialmente no diálogo, por exemplo, no galego porque hai un razoamento, unha maneira de razoar galega na que eu me atopo millor ca na maneira de razoar en castelán, na que eu teño que ir a outros planos que non son os meus. Tamén hai un problema de oído: a mín sóame millor o galego có castelán e eu

puñetera manía do noso País de non entender nada e, sobre todo, de non face-lo menor esforzo por non facer nada pra entender. Cando eu era rapaz, despois de escribir *Mar ao norde* —libro meu que saíu no ano 32— a miña xeración (xeración miña nun senso bastante amplo e metendo nela, por exemplo, a Filgueira Valverde e Bouza Brey) foi a primeira xeración de escritores galegos que, máis ou me-

cando o crítico pensa que a obra literaria foi feita pra el. Moi difícilmente... E que, se eu fixera caso dos críticos, eu tería que deixar de escribir e adicarme a outra cousa. Sería carpinteiro, ou ferreiro, non sei...» *Esta puñetera manía do noso País...*

